



## ANUNCIO DO TRIBUNAL CUALIFICADOR

### CONVOCATORIA TERCEIRO EXERCICIO: PROBA PRÁCTICA

*Praza: Auxiliar Administrativo (PIE)*

Órgano que convoca: tribunal cualificador

Procedemento: oposición, quenda libre

Praza/s núm.: 1

Asunto: convocatoria para realización do terceiro exercicio (proba/s práctica/s).  
Os criterios de avaliación e desenvolvemento

O tribunal cualificador fai publico esta convocatoria para realizar o terceiro exercicio obrigatorio deste proceso de selección.

#### O lugar, a data e a hora na que se realizará o terceiro exercicio

**Lugar:** Edificio Multiusos (aula de Informática).

**Dirección:** (Rúa de Curros Enríquez, s/núm., 1º andar, 15840 Santa Comba, A Coruña

**Data:** 17 de xuño de 2022 (venres)

Terceiro exercicio	Proba/práctica/s	17/06/2022	10:00 horas
--------------------	------------------	------------	-------------

#### Criterios de avaliación. Desenvolvemento

O exercicio en cuestión realizarase en 60 minutos e consistirá en dúas probas.

**Primeira proba:** obxectiva

Duración: 45 minutos

Preguntas: 25, máis cinco de reserva.

Puntuación: resposta correcta 0,20 puntos. Non restan incorrectas ou en branco.

Puntuación: máximo de 5 puntos

**Segunda proba:** desenvolvemento

Duración: 15 minutos

Puntuación: máximo de 5 puntos

Criterios:

- ata 2 puntos polo mecanografiado
- ata 3 puntos pola configuración de formatos

O persoal aspirante que non acade un mínimo de cinco (5) puntos será excluído.



## Consideracións e recomendacións

- 1 O persoal aspirante presentarse 10 minutos antes da hora prevista para realizar a proba. Identificarase co seu DNI/CIF ou documento fidedigno.
- 2 Non se permitirá a presenza de acompañantes.
- 3 O persoal aspirante deberá seguir as indicacións e as resolucións do tribunal.
- 4 Non se permitirá ao acceso ao recinto onde se realice o exercicio, con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento de que se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio.
- 5 Non se habilitará ningún servizo de recollida de móbiles.
- 6 O uso da máscara é obrigatorio no recinto e durante a realización da proba.

Santa Comba, 14/06/2022

O presidente do tribunal

Evaristo Lois Rama

(Documento que se asina electronicamente)